
ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA COMISIÓN PERMANENTE DA ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS DA CORUÑA CELEBRADA O MÉRCORES, DÍA 16 DE XANEIRO DE 2018

De acordo co establecido na Orde do Día, a Comisión Permanente da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña constitútese en sesión extraordinaria ás 11:00 horas do mércores día 16 de xaneiro de 2018 coa seguinte orde do día:

1. Proposta de titulación de Máster Internacional en Sustentabilidade

ASISTEN OS SRES:

PROFESORES

Baldomir García	Aitor
Carro López	Diego
Colominas Ezponda	Ignasi
Martínez Abella	Fernando
Martínez Lage	M ^a Isabel
Orro Arcay	Alfonso
París López	José
Pena Mosquera	Luis
Ramírez Palacios	Luis
Romera Rodríguez	Luis Esteban

ESTUDANTES

Pazos Taboada	Damián
Vázquez Varela	Miguel Ángel

PERSOAL ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

Cruz Viqueira	M ^a Pilar
---------------	----------------------

Preside a sesión o Sr. Ignasi Colominas, Director da Escola. Actúa como Secretario o Sr. Diego Carro.

1. Proposta de titulación de Máster Internacional en Sustentabilidade

O Director comeza explicando o contexto da proposta deste título. Expón que houbo unha reunión previa da Comisión Permanente na que se acordou trasladar a análise desta titulación á comisión de estudo e análise estratéxico. Informa de que os profesores Isabel Martínez e Pablo Rodríguez-Vellando tiveron unha reunión sobre este tema na reitoría. Tras isto, expón que o reitor lle explicou que a UDC tiña moito interese neste título, polo seu aspecto internacional e pola especialización do campus. O interese do reitor sería en

calquera caso seguir con esta estrutura de colaboración coas universidades de Le Havre e Magdeburgo e implantalo nesta Escola ou noutro centro da UDC. A vicerreitora de títulos tamén trasladou ao director este tema e no mesmo sentido.

Intervén a profesora Isabel Martínez indicando que a reitoría está interesada en implantar este título dado que encaixa no campus da sustentabilidade. Según a súa información, a intención da reitoría, se dicimos que non nos interesa, sería implantalo en outro centro da UDC.

Intervén o profesor Diego Carro, indica que o resultado dos acontecementos colocan á Escola nunha situación moi complicada e sen saída. Se asumimos e tragamos a proposta que está enriba da mesa, se implantará un título que queríamos estudar con detalle. Se non se implanta na Escola, levarase a outro centro da UDC. Como resultado quedará bloqueada para a Escola a posible implantación dunha titulación de sustentabilidade no ámbito da enxeñaría civil.

Intervén a profesora Isabel Martínez indicando que no título, a palabra Enxeñaría Civil se podería cambiar por construción.

Intervén o profesor Alfonso Orro, indicando que a participación nesta iniciativa é unha proposta interesante e que estaría disposto a apoiala se se deseña axeitadamente.

Intervén o profesor Fernando Martínez, expón que a UDC está montando o campus sostible e que isto é moi importante para a súa estratexia. Informa dunha chamada do reitor, quen lle indicou que a súa intención de implantar a titulación era firme, e se establecería incluso sen a Escola. Indica que lamenta esta situación e que non lle gustan nada as presas. Tamén indica que é positivo que haxa unha titulación de sustentabilidade. Propón que a dirección

estudie este tema e que se leve á Xunta de Escola. Tamén indica que dicir que non, non é un problema.

Intervén a profesora Isabel Martínez Lage, explica que hai premura dado que a convocatoria o Erasmus Mundus remata o 15 de febreiro.

Intervén Alfonso Orro, consultando cando se iniciaría a titulación, indícase que se impartiría o 2019/2020.

Intervén o Director, proponendo que esta cuestión coa nova información da reitoría se debería tratar en Xunta de Escola.

Intervén a profesora Isabel Martínez indicando que sabemos a estrutura do mestrado desde a anterior reunión da comisión permanente.

Intervén o profesor Fernando Martínez expoñendo que co nivel de información a resposta debería ser que non.

Intervén o profesor Alfonso Orro, indicando que sería importante que tiveramos información sobre este tema.

Establécese un debate sobre que se tratará na Xunta de Escola. Decídese solicitar á Reitoría información por escrito sobre este tema. Pídeselle ao Director que solicite esta información.

Intervén o estudante Damián Pazos, indicando que entende que desde a reitoría nos presionan para que se acepte esta proposta.

Intervén o profesor José París indicando que dous meses é un prazo moi curto para debater e tomar decisións sobre a implantación dun título.

O director propón levar á Xunta de Escola que a dirección estude este tema. Nunha xunta posterior, unha vez recollida toda a información, a Xunta de Escola tomará a decisión de se a Escola participa neste título.
Apróbase.

A sesión da Comisión Permanente finaliza ás 12:00 do 16 de xaneiro de 2017

Vº. Bº.
Ignasi Colominas Ezponda
Director

Diego Carro López
Secretario Académico